

1. Área de Orientación Laboral e Emprego da USC

Teléfono: +34 881 812 850

<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/orientacion-laboral-emprego>

orientacion.laboral.santiago@usc.gal

Dende a **Área de Orientación Laboral da Universidade de Santiago** desenvolven accións de información, formación e orientación laboral coa finalidade de mellorar as opcións de ocupabilidade e o proceso de integración laboral do estudiantado e das persoas tituladas, ademais de facilitar a transición do sistema educativo á vida laboral.

Dende a Área de Orientación Laboral poden axudarche a:

- Recibir información sobre prácticas, bolsas, actividades, formación e emprego público
- Entrevistas de orientación laboral
- Recibir formación sobre empregabilidade
- Difundir proxectos de interese (ex: Mentoring)

Recursos de interese

- [Entrevistas de orientación laboral](#): para pedir cita de asesoramento. Nas entrevistas facilítase información sobre o mercado laboral, bolsas de prácticas e ferramentas para a busca de emprego (redes sociais profesionais, curriculum vitae, procesos de selección...).
- [Plataforma de emprego da USC](#): A USC dispón dunha plataforma de emprego coa que o seu estudiantado e antigos alumnos e alumnas poden mellorar a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional. A plataforma permite acceder a ofertas de traballo, axenda de eventos, guías de recursos e consellos de interese para facilitar a inserción laboral dos titulados universitarios.
- [Proxecto Mentoring](#): ten como obxectivo iniciar ao estudiantado universitario e titulados e tituladas recentes nun programa de apoio individual para a toma de decisións e a planificación do seu futuro profesional. Ás persoas participantes proporcionáselles o contacto cun profesional experimentado da mesma área profesional, que lles ofrece asesoramento, información e apoio para que poidan identificar mellor as súas fortalezas, definir o seu proxecto profesional e aproveitar as oportunidades da súa contorna, coa finalidade de mellorar as súas posibilidades de acceso ao mundo laboral.

2. Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Teléfono: +34 981 545 292

<https://conselleriaemprego.xunta.gal/portada>

sxt.emprego@xunta.gal

Emprego Galicia presta servizos relacionados co emprego tanto a persoas demandantes coma a persoas ou organizacións ofertantes que buscan cubrir unha vacante en calquera posto de traballo, dende diversas perspectivas.

Dende Emprego Galicia poden axudarche:

- Se demandas emprego
- Se xa estás a traballar pero queres mellorar a túa ocupación
- Se aínda non demandas emprego pero queres mellorar a túa cualificación
- Se che piden a inscrición para acceder a prestacións de carácter social
- Se ofertas emprego e buscas persoas traballadoras

Recursos de interese

- [Servizo de orientación laboral](#): recurso útil para pedir unha cita de asesoramento
- [Oficina virtual do emprego autónomo](#): ofertan asesoramento e apoio, formación e información
- [Busca emprego](#): trátase dun portal onde poder consultar as ofertas privadas de emprego en difusión

3. FEUGA

T. +34 981534180

<https://www.feuga.es/>

feuga@feuga.es

A Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA) é unha entidade sen ánimo de lucro e de dereito privado, fundada en 1982, especializada na transferencia de coñecemento, innovación e tecnoloxía dende o Sistema Universitario de Galicia ao mundo empresarial e á sociedade en xeral.

Dende FEUGA poden axudarche:

- Ofertando prácticas formativas
- Emprego con contratos de prácticas
- Emprego como junior

Recursos de interese

- [Portal teujob](#)
- [Prácticas formativas](#)

4. UNINOVA

Teléfono: +34 981 542 494

<https://uninova.gal/>

rosa.sanchez@uninova.gal

Uninova é unha entidade que ofrece asesoramento, aceleración e soporte á creación de iniciativas empresariais fortemente innovadoras.

Dende Uninova poden axudarche a:

- Coñecer interesantes programas europeos de mobilidade para emprendedores
- Apoio no rexistro para participar na convocatoria
- Axuda para atopar unha empresa de acollida
- Preparación previa ao inicio da estadía
- Asistencia durante a realización do intercambio
- Contacto directo coa Comisión Europea

Recursos de interese

- [Erasmus for young entrepreneurs](#). Este programa permite realizar estadías formativas (1-6 meses) nunha PEME da Unión Europea, grupo de países europeos de fóra da UE, Estados Unidos, Canadá, Israel, Singapur, Corea do Sur e Taiwán